

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARES

Aprobación listaxe definitiva de admitidos e excluídos no proceso selectivo por promoción interna de tres prazas de administrativo/a, persoal laboral fixo, incluídas na Oferta Pública de Emprego do ano 2025

Por Resolución de Alcaldía 2026-438 de data 14/05/2026, adoptouse o seguinte acordo:

“RESOLUCIÓN ALCALDÍA

APROBACIÓN LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS NO PROCESO SELECTIVO DE PROVISIÓN MEDIANTE PROMOCIÓN INTERNA DE TRES PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A, PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUIDAS NA OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DO ANO 2025 DO CONCELLO DE ARES

Rematado o prazo de presentación de instancias para participar na provisión en propiedade de tres prazas incluídas na oferta de emprego público 2025, grupo C, subgrupo C1, Administración Xeral, denominación Administrativo/a, de conformidade coas bases da convocatoria aprobadas pola Xunta Local de Goberno do día 02/03/2026 con corrección de erro de data 23/03/2026 en virtude do artigo 233.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, xunto coa convocatoria efectuada no BOP núm 57 de data 26/03/2026, e en virtude do Real Decreto nº896/1991 de 7 de xuño, e do artigo 20 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que por se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado,

Publicada a listaxe provisional de admitidos e excluídos no BOP nº 74 de data 22/04/2026 por espazo de dez días hábiles, sen terse presentado reclamacións.

RESOLVO:

Primeiro.- Elevar a definitiva a listaxe de aspirantes admitidos e excluídos para participar na provisión en propiedade de tres prazas incluídas na oferta de emprego público 2025, grupo C, subgrupo C1, Administración Xeral, denominación Administrativo/a, seguinte:

Admitidos : Dna Rocío Castro Pico DNI: ***1218**

D. Javier Romero Martínez DNI: ***7781**

Dna Patricia Becerra Díaz con DNI.- ***9162**

Excluídos : Ningún.

Segundo. Designar aos seguintes integrantes do tribunal seleccionador para a selección das prazas que de seguido se expresan:

Presidenta: Dna M^a Concepción Dragó Porta, funcionaria, Administrativa do Concello de Ares

Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez, funcionario de habilitación nacional, Secretario-Interventor do Concello de Ares

Vocais:

- Dna Carmen González Tenreiro funcionaria, Tesoureira do Concello de Ares

- D. Alfonso Portela Martínez, funcionario, Arquitecto Técnico do Concello de Ares

- D. Benito José Calvo Castro, funcionario, Director Xeral de Urbanismo do Concello de Ferrol

Suplentes:

D. Javier Sánchez Romero, Persoal Laboral, Director Técnico Deportivo do Concello de Ares.

Dna Maria Ana López Fernández, funcionaria Traballadora Social do Concello de Ares

Dna Lucía Regueira Martínez, Persoal laboral, Educadora Social do Concello de Ares

Terceiro.- Designar o día 21 de maio ás 18:00 horas no salón de sesións do Concello para a realización do primeiro exercizo da oposición.

Ares, 14 de maio do 2026

O Alcalde-Presidente

Asdo: Julio Ignacio Iglesias Redondo